

CONCURSO DE MICRORRELATOS “SUPRIME O CONTROL”

Con motivo do 8 de marzo, Día internacional da Muller, A Deputación da Coruña, a través da Área de Igualdade de Xénero e en colaboración co centro educativo, convoca o concurso de microrrelatos “Suprime o control”, cuxo obxectivo é sensibilizar á mocidade sobre a problemática da violencia de xénero.

PRIMEIRA. Obxecto.

O obxectivo da organización deste concurso é que a poboación adolescente rompa cos mitos e ideas falsas que rodean ao amor romántico e outros comportamentos como os celos ou o control excesivo, e que son vistos como síntomas do amor e non como o posible xerme da problemática da violencia de xénero. Con esta actividade pretendemos sensibilizar e involucrar ao alumnado de 3º e 4º da ESO na temática do programa a través da creación literaria. Queremos afrontar o desafío de contar unha historia en torno á violencia de xénero entre adolescentes, o bo trato e o maltrato nos primeiros noivados, o uso das novas tecnoloxías, etc., **empregando un máximo de 300 palabras e incorporando o lema do Programa SUPRIME O CONTROL no seu texto.** Obxectivos da creación literaria:

- Visualizar a violencia de xénero entre adolescentes, e tratar o tema de celos e o control, unha das principais causas de violencia entre parellas novas.
- Mostrar situacións ou factores de risco que indican que non é unha relación sa.
- Reflexar a capacidade das mozas e mozos adolescentes para facerlle fronte ás relacións apoiadas na presión e no control.
- Reforzar a conciencia, a mirada cara as relacións de parella sas e libres, e nas que os conflitos de parella se resolven en positivo, sen violencia.

SEGUNDA. Participación.

Pode participar todo o alumnado de 3º e 4º da ESO dos 14 centros educativos beneficiarios do programa socioeducativo de prevención da violencia de xénero “SUPRime o ConTRoL” para o curso 2016/17. O número de microrrelatos por participante está limitado a un, deberá ser inédito e realizado como traballo individual. Así, o microrrelato presentado non poderá ter sido premiado con anterioridade nalgún certame. No caso de non cumprir coas premisas destas bases, o microrrelato eliminarase do concurso.

TERCEIRA. Presentación e formato.

O microrrelato presentado, **escrito a ordenador e en galego**, respectando as regras ortográficas e gramaticais, terá que ir acompañado dunha portada onde apareza o título do microrrelato, o teu nome e apelidos, data de nacemento, o nome do centro educativo, o curso e un teléfono de contacto. O microrrelato enviarase en formato PDF á dirección de correo electrónico info@suprimeocontrol.com, indicando no corpo da mensaxe “Concurso de microrrelatos suprime o control”. Para poder participar, terás que entregar o anexo de AUTORIZACIÓN firmada polo teu pai, nai ou titor/a no centro educativo (preferiblemente ao titor ou titora do teu curso), ou enviala cuberta xunto co microrrelato por correo electrónico. **A data límite para a presentación e envío do microrrelato é o 31 de marzo do 2017.**

Para calquera información adicional podes consultar nesta mesma dirección de correo.

CUARTA. A propiedade dos traballos.

Os traballos presentados ao concurso quedarán a disposición da Deputación da Coruña, quen poderá publicalos ou facer o uso deles que estime convinte. Todos os dereitos de autoría sobre as obras quedarán tamén en propiedade da Deputación, ao obxecto da reprodución e difusión que se estime procedente, citando en todo momento o nome do autor ou autora.

QUINTA. O xurado

A selección do microrrelato gañador, que cumpra cos requisitos anteriormente descritos, correrá a cargo dun xurado que estará composto polo persoal técnico dos Servizos Sociais da Deputación da Coruña e polo persoal técnico a cargo do desenvolvemento do proxecto socioeducativo “SUPRime o ConTRoL”.

A deputación resérvase o dereito de modificar as condicións en calquera momento, incluso pode chegar a anulalo ou deixalo sen efecto sempre que concurra causa xustificada, en todo caso comprométese a comunicalo pola mesma vía.

Así mesmo, o xurado poderá declarar deserto o premio e a súa proposta será obxecto de resolución da Presidencia desta deputación, que é o órgano competente para resolver o premio.

CONCURSO DE MICRORRELATOS “SUPRIME O CONTROL”

SEXTA. Premio.

O relato seleccionado será adaptado a un formato de guión para a realización dunha **CURTAMETRAXE AUDIOVISUAL** na que **poderá participar o autor ou autora, xunto cos compañeiros e compañeiras da súa clase que tamén desexen participar**. Esta curta será producida e editada por unha produtora audiovisual e terá unha duración máxima de 3 minutos. A Deputación da Coruña difundirá esta curta a través do portal Web de Suprime o Control e das redes sociais vencelladas ao mesmo como unha ferramenta máis para a visibilización do Programa Socioeducativo.

SÉPTIMA. Aceptación das bases.

A participación neste concurso implica a aceptación das bases. A Deputación da Coruña resérvase o dereito de publicar e difundir os microrrelatos presentados. De igual modo, poderán ser empregados en campañas de sensibilización fronte a violencia de xénero a través de diferentes soportes.

A Deputación da Coruña resérvase o dereito de rexeitar ou excluír da participación no concurso a calquera participante que non reúna os requisitos descritos nas presentes bases e termos de participación ou non cumpra as normas ou finalidade do concurso.

IMPORTANTE. Non esquezas que para poder participar terás que entregar o anexo de AUTORIZACIÓN de participación firmada polo teu pai, nai ou titor/a no centro educativo (preferiblemente ao titor ou titora do teu curso), ou enviala por correo electrónico a info@suprimeocontrol.com

CONCURSO DE MICRORRELATOS “SUPRIME O CONTROL”

AUTORIZACIÓN.

Autorización de participación da titora ou titor legal

NOME E APELIDOS DA NAI/PAI/TITOR OU TITORA LEGAL QUE AUTORIZA A PARTICIPACIÓN	
RELACIÓN LEGAL CO ALUMNO/A PARTICIPANTE	<input type="checkbox"/> Nai <input type="checkbox"/> Pai <input type="checkbox"/> Titor/a legal
DNI	
TELÉFONO	
AUTORIZACIÓN Á PARTICIPACIÓN NO CONCURSO DE MICRORRELATOS SUPRIME O CONTROL ORGANIZADO POLA DEPUTACIÓN DA CORUÑA	
CENTRO EDUCATIVO	
NOME E APELIDOS DO ALUMNO/A PARTICIPANTE	
CURSO	<input type="checkbox"/> 3º <input type="checkbox"/> 4º

DATA	ASINADO PARTICIPANTE	ASINADO NAI/PAI/TITOR OU TITORA LEGAL QUE AUTORIZA Á PARTICIPACIÓN

NOTA INFORMATIVA:

en cumprimento da Lei orgánica 15/1999 do 13 de decembro, informámolo/a de que os datos persoais desta autorización pasarán a formar parte dun ficheiro propiedade da Deputación da Coruña, con respecto ao cal poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, nos termos establecidos na normativa vixente, mediante un escrito presentado por correo ordinario e dirixido aos Servizos Sociais da Deputación provincial da Coruña (Avenida Porto da Coruña nº 2, 15003 A Coruña) acompañado da fotocopia do DNI ou dun documento equivalente.

Ao firmar este documento está autorizando a un ou unha menor a participar no concurso de MICRORRELATOS SUPRIME O CONTROL. A participación nesta convocatoria supón a total aceptación das bases polo que se lle ceden os dereitos para que a deputación poida empregar o traballo para calquera campaña de sensibilización e información das actividades da Deputación da Coruña relacionadas co fomento da igualdade de xénero.

Así mesmo, está autorizando á Deputación da Coruña o uso dos datos persoais do/a menor e a súa inclusión na publicidade correspondente con propósitos publicitarios non comerciais e promocionais da Deputación da Coruña no marco do fomento da igualdade de xénero, así como a cesión da imaxe da persoa participante menor de idade no concurso.

*Segundo o disposto no artigo 18 da Constitución, Lei 1/1982, do 5 de maio, sobre o dereito ao honor, a intimidade persoal e a propia imaxe e a Lei 15/1999, do 13 de decembro, sobre a protección de datos de carácter persoal.